

A morte no imaxinario popular.

Guía didáctica

1. Nivel inicial de aplicación

Esta actividade foi deseñada para o alumnado de de 4º de ESO de forma interdisciplinar. En concreto, dado o carácter experimental desta primeira aplicación, traballamos só con 4º ESO A

2. Obxectivos

O grupo de profesores (6) que proxectamos esta actividade pretende levar a cabo unha experiencia conxunta para fomentar o traballo en equipo integrando as TIC (probar o uso de Moodle cun grupo amplo de profesores, etc.).

A actividade está concibida dentro do abano de experiencias sobre o tema **conciliación vida-morte** que tres profesores do centro están a desenvolver neste curso 2008-2009.

Os obxectivos da actividade están orientados claramente cara a tres das competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.

Integrar na mesma actividade as catro linguas que estuda o alumnado (galego, castelán, inglés, francés) que case sempre están moi desligadas na ensinanza diaria dos centros. Pretendemos que o alumnado vexa as catro como o mesma capacidade comunicativa aínda que con códigos diferentes, tamén como expresións de culturas desenvolvidas.

Relacionar as estruturas lingüísticas das catro linguas e enfrontarse aos problemas das traducións.

Fomentar nas catro linguas tanto a escrita (escribir sobre un tema e creación) como a lectura en voz alta.

2. Tratamento da información e competencia dixital.

Desenvolvemento das competencias dixitais, posto que os alumnos/as teñen que obter información da rede, gravar, subir arquivos, tratar imaxes.

Sobre todo que o alumnado de 4º ESO A teña a oportunidade de utilizar por primeira vez a ferramenta Moodle e os ordenadores da Biblioteca todos en conxunto e vendo como se implica un grupo de profesores.

Que se familiarice coas posibilidades que a rede ofrece para o coñecemento dos idiomas (tradutores, correctores, dicionarios, sintetizadores de voz ...).

3. Competencia cultural e artística.

Asunción da morte como algo real e cotián fronte ao que as culturas xeran estratexias comunitarias ou máis individuais. Comprensión dos trazos identitarios e os universais...

Para poder realizar a actividade con comodidade pensamos que debían participar: a profesora encargada das TIC, a profesora encargada da Biblioteca, o profesorado das catro linguas implicadas.

4. Competencia social e cidadá.

Para comprender a morte na realidade social na que se vive. Así mesmo, durante a actividade, presentar respecto polas ideas, sentimentos e emocións expresadas polas persoas ou o grupo.

5. Competencia para aprender a aprender.

Supón habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira eficaz e autónoma. Implica o coñecemento, xestión e control das capacidades de cadaquén tanto no traballo na aula coma no traballo na aula virtual. Tamén se é posible co traballo na propio domicilio.

6. Autonomía e iniciativa persoal

Supón ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar esta actividade tanto no plano individual coma no colectivo con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

3. Participantes

Profesorado:

- M. Elena García Bugallo, **Castelán** (titora do grupo)
- Cristina Presas Vázquez (substituta de Consolación Iglesias Prieto), **Inglés**
- Beatriz Vázquez Rosales, **Francés**
- Anxo González Guerra, **Galego**
- Rosario Sánchez-Gabriel Sánchez, **Biblioteca**
- Marián Costa Giráldez, **TICS**

Alumnado: 24 alumnos/as **de 4º ESO A**, IES Sánchez Cantón

4. Desenvolvemento

1.- Reunións previas do profesorado para preparar a actividade. **Texto de partida: o conto popular** A misa dos defuntos Versión en galego, castelán, inglés e francés (traducións da Universidade de Vigo)

2.- A coordinadora de TIC abre un curso Moodle na Aula Virtual do instituto: **a morte no imaxinario popular**. Con todos os apartados precisos e dando de alta a todos os

participantes.

3.- Lectura do conto nos catro idiomas nas aulas respectivas. Comentario lingüístico da tradución e comprensión.

3.- Formaranse 4 grupos de 6 alumnos/as (supervisión da titora) que investigarán sobre o día de defuntos nas catro culturas: galega, castelá, francesa e inglesa. Cada grupo elixirá un/ha coordinador/a para facilitar o traballo.

Para iso acudirán á biblioteca en horas das clases dos idiomas onde utilizarán a rede para investigaren sobre o tema. No curso da Aula Virtual o profesorado xa terá colgadas as ligazóns que usará o alumnado (dous alumnos/as por ordenador)

4.- Cada grupo elaborará un texto de resume e conclusións no idioma correspondente na wiki correspondente dentro do curso virtual.

5.- Cada grupo fará unha continuación do conto utilizando un idioma diferente ao do texto resume.

6.- Todos responderán na aula virtual a un cuestionario lingüístico nas catro linguas sobre o texto base.

7.- Unha vez rematado o traballo en Moodle farase un acto na Biblioteca no que se lerá o conto nos catro idiomas, cambiando o alumnado de idioma, os que traballaron en galego lerán en inglés, os de inglés en galego, os de castelán en francés e os de francés en castelán.

Tamén se lerán os finais dos contos do seguinte xeito: os de galego en francés, os de francés en galego, os de castelán en inglés, os de inglés en castelán.

Todo este acto será gravado en vídeo, para o que se pedirá a autorización dos pais/nais

No acto teñen que participar os 24 alumnos/as

8.- Unha vez rematada a experiencia cada alumno entregará un texto escrito nos catro idiomas á titora no que comentará, valorará, avaliará, etc. a actividade.

9.- O profesorado fará unha reunión final para avaliar todo o proceso e cuantificar a nota numérica de cada grupo/alumno.

10.- Entregarse ao alumnado e profesorado participante un CD co material de audio e vídeo resultante. Unha vez rematada actividade proxectarase un pps resume.

5.-Calendario da actividade e incidencias

(IES Sánchez Cantón, curso 2008- 2009)

1.Martes 20 de xaneiro: reunión do profesorado

2. Nesta semana: formación dos 4 grupos e preparación da actividade. Os grupos serán formados polo profesorado procurando que non estean descompensados canto ao dominio das linguas. Cada grupo elixirá un/unha coordinador/a.

O profesorado prepara os cuestionarios de linguas e sóbeos á aula virtual

1.- Grupo English

-Sara Astor

-Cristina Benavente

-Esther Domínguez

-Alejandra García

-María Pérez

-**Sara Tobío**

Texto sobre o día de defuntos en **inglés**, lectura do conto en **galego** e redactan e len o novo final en **castelán**. Preséntanse en **francés**

2.- Grupo Français

-Sara Martínez

-María Otero

-Laura Pena

-**Jacobo Portela**

-Elena Rey

-Lucía Rodríguez

Texto sobre o día de defuntos en **francés**, lectura do conto en **castelán** e redactan e len o novo final en **galego**. Preséntanse en **inglés**

3.- Grupo Lengua Castellana

-Andrea Costal

-Gonzalo Méndez

-Alexandra Rodríguez

-Ruth Rodríguez

-**Mar Serrano**

-Sara Trabazo

Texto sobre o día de defuntos en **castelán**, lectura do conto en **francés** e redactan e len o novo final en **inglés**. Preséntanse en **galego**

4.- Grupo Lingua Galega

-**Pedro Estévez**

-Pablo Piay

-Blanca Rodríguez

-Bárbara Santana

-Irea Vidal

-Raquel Zamorano

Texto sobre o día de defuntos en **galego**, lectura do conto en **inglés** e redactan e len o novo final en **francés**. Preséntanse en **Castelán**

3.Semana 26-30 de xaneiro:

Luns e seguintes: lectura das traducións e textos, comentarios na aula

Xoves 29 á última hora (aula **francés**): na biblioteca con Marián para dar as altas no programa e explicar o funcionamento de Moodle.

4.Semana 2-6 de febreiro:

Luns 2:

2ª hora (aula **galego**) na Biblioteca (Anxo)

Martes 3 :

4ª hora (aula **francés**): Biblioteca (Beatriz, Marián e Charo)

5ª hora (aula **L. castellana**): Biblioteca (Charo e Mª Elena)

Mércores 4

4 º hora (aula **inglés**): Biblioteca (Anxo e Cristina),

Xoves 5

1º hora (aula **galego**): Biblioteca (Anxo)

2ª hora (aula **L. castellana**): Biblioteca (Anxo e Mª Elena)

NOTA: prevista unha hora de inglés o martes que non pode ser pola visita ao centro do Arcebispo.

Venres 6 de febreiro no recreo: reunión do profesorado para ver, avaliar e programar o remate da actividade.

Acordos tomados:

-Unha clase máis todos na Biblioteca: o **luns 9 a 4ª inglés** (Cristina e Anxo) (Para igualar o número de horas: 2 por lingua)

-Tanto os resumes como os finais serán **impresos e corrixidos os erros** co profesor na aula durante a semana do 9-14. O coordinador de grupo **subirá os cambios ao Moodle** antes do **sábado 15**

-**O luns 16** todos os grupos terán impresos o textos para leren. Poderán practicar a lectura de acordo co profesorado e utilizando os sintetizadores de voz.

Na última clase da semana cada lingua fará a gravación das lecturas na Biblioteca.

- Durante a semana de entroido **cada alumno/a compondrá un texto no que ten que utilizar os catro idiomas**. Extensión mínima: 1 folio por unha cara. Tema: a experiencia persoal ao facer este traballo (impresións, que aprendeu, que valora máis, que fallos viu, como resultou o traballar en grupo nos ordenadores, recomendacións para o futuro....)

- Na seguinte semana o luns e o martes o alumnado poderá facer preguntas sobre a composición ao profesorado. **O mércores 4 todos entregarán á titora a composición**. Farase fotocopia para cada profesor.

-Semana do 9-14 de marzo. **Sesión final na Biblioteca**: profesorado e alumnado participantes. Proxección (canón e pantalla) do material audiovisual

-**Reunión do profesorado** para avaliación da actividade e do alumnado

5. O Domingo 8. Por suxestión da profesora Marián ás 4,30 farase un **chat** para comentar a actividade. Participan 3 profesoras e máis dunha ducia de alumnos.

6. Incidencia: o luns día 9 foron suspendidas as actividades docentes pola Consellería por mor dun temporal. O xoves 12 o alumnado viaxa a Ourense.

O remate tivo que ser o venres 13 na 4º h (pedindo a clase de Bioloxía) e 5ª (aula de francés. Acompañan os profesores Elena, Anxo e Beatriz

Venres 13: (dúas horas). Todos os grupos rematan os textos que quedan reflectidos na aula virtual. Imprímense os textos para ler. Comézase a preparar a gravación. Divídense todos os textos que van ser lidos en 6 partes.

7. ESQUEMA DE GRAVACIÓNS

1.- Grupo English

Presentacións para ler en **francés** (deben traducir as presentacións):

1.- Chámome e son a coordinadora do grupo

2.- Chámome ..., o noso grupo fixo o traballo de inglés

3.- Chámome...., imos ler o conto en **galego**

Lectura do conto polos 6

4.- Chámome ..., imos ler o novo final en **castelán**

Lectura do final polos 6

5.- Chámome ..., imos ler o traballo que fixemos en **inglés**

Ler o traballo en inglés polos 6

6.- Chámome ..., Este foi o noso traballo. Moitas grazas.

-Sara Astor
-Cristina Benavente
-Esther Domínguez
-Alejandra García
-María Pérez
-**Sara Tobío**

2.- Grupo Français

Presentacións para ler en **inglés** (deben traducir as presentacións):

1.- Chámome e son o coordinador do grupo

2.- Chámome ..., o noso grupo fixo o traballo de francés

3.- Chámome...., imos ler o conto en **castelán**

Lectura do conto polos 6

4.- Chámome ..., imos ler o novo final en **galego**

Lectura do final polos 6

5.- Chámome ..., imos ler o traballo que fixemos en **francés**

Ler o traballo en francés polos 6

6.- Chámome ..., Este foi o noso traballo. Moitas grazas.

-Sara Martínez
-María Otero
-Laura Pena
-**Jacobo Portela**
-Elena Rey
-Lucía Rodríguez

3.- Grupo Lengua Castellana

Presentacións para ler en **galego**:

1.- Chámome e son a coordinadora do grupo

2.- Chámome ..., o noso grupo fixo o traballo de lingua castellana

3.- Chámome...., imos ler o conto en **francés**

Lectura do conto polos 6

4.- Chámome ..., imos ler o novo final en **inglés**

Lectura do final polos 6

5.- Chámome ..., imos ler o traballo que fixemos en **castelán**

Ler o traballo en Castelán polos 6

6.- Chámome ..., Este foi o noso traballo. Moitas grazas.

-Andrea Costal
-Gonzalo Méndez
-Alexandra Rodríguez
-Ruth Rodríguez
-**Mar Serrano**
-Sara Trabazo

4.- Grupo Lingua Galega

Presentacións para ler en **castelán** (traducir presentacións)

1.- Chámome e son o coordinador do grupo

2.- Chámome ..., o noso grupo fixo o traballo de Galego

3.- Chámome...., imos ler o conto en **inglés**

Lectura do conto polos 6

4.- Chámome ..., imos ler o novo final en **francés**

Lectura do final polos 6

5.- Chámome ..., imos ler o traballo que fixemos en **galego**

Ler o traballo en galego polos 6

6.- Chámome ..., Este foi o noso traballo. Moitas grazas.

-**Pedro Estévez**
-Pablo Piay
-Blanca Rodríguez
-Bárbara Santana
-Irea Vidal
-Raquel Zamorano

Desde o **venres 13 ata o xoves 19** a alumnado pode preparar a lectura asignada en cada idioma preguntando ao profesorado e utilizando os ordenadores.

8. O xoves 19 de febreiro a 1ª hora (aula galego) e 2ª hora (aula L. Castellana) fíxose a **gravación das lecturas na Biblioteca.**

Desenvolveuse todo sen ningunha incidencia

9. O venres 20 á mediodía reuniuse todo o profesorado participante na actividade (incluída a profesora titular de inglés).

Acordos:

-**Venres 27** a última hora na Biblioteca, proxección do pps e dos vídeos. Entregarase a cada grupo un CD coas fotos e vídeos do grupo.

-**Mércores 4:** recollida das redaccións nas catro linguas.

-Cuantificación e repercusión da actividade na cualificación da avaliación

O venres 27 fíxose a sesión na Bibliotecal. Viuse o pps preparado polo Coordinador eos vídeos da gravación que provocaron moitos risos e aplausos dos presentes.

O mércores 4 o alumnado entregou as composicións sobre a actividade entregando as catro linguas (entregaron todos).

O mesmo día foron escaneados os traballos e subidos ao curso nun pdf e sen os nomes do alumnado para protexer o anonimato das opinións.

Visto o traballo xeral e a actitude do alumnado, os catro profesores/as decidiron por unanimidade puntuar: **dous puntos da avaliación para cada alumno nas catro linguas.**

Total de horas na Biblioteca dedicadas á actividade: **12.** Máis as horas dedicadas en cada materia a traballar os textos.